



Álvarez Moreira, José Ángel
 Álvarez Rodríguez, Rosana
 Arévalo Tomé, Raquel
 Badaoui Fernández, Aida
 Báez Montero, Inmaculada.C.
 Barajas Alonso, Ángel A.
 Barreiro García, Ramón
 Bernal Gómez, Rosa
 Blanco Pesqueira, Antonia
 Botana Ferreiro, Francisco Ramón
 Cabeza Pereiro, Mª Carmen
 Campos Casal, Jacobo
 Carballo-Calero Ramos, Mª Victoria
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Corbacho Rosas, Eusebio
 Corbacho Suso, Patricia
 Costas Currás, José Daniel
 Costas González, Xosé Henrique
 De La Torre Fraga, Daniel
 De Oca Cancela, Guillermo
 Del Val García, Jesús
 Díaz De Bustamante, Jaime
 Docampo Amoedo, Domingo
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Fernández, Federico
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Fernández Sobrino, Ramón A.
 Fraiz Brea, José Antonio
 García Cutrín, Francisco J.
 García Masegosa, Antonio
 Garrido González, Josefa
 Gil Martín, Emilio
 Gil Villanueva, José Mª
 Gómez Reboiro, José Luis
 González Cespón, José Luis
 González Crespán, Mª Araceli
 González Pillado, Esther
 González Piñeiro, Manuel
 Iglesias Canle, Inés Celia
 Iglesias Randulfe, Mª Teresa
 Labandeira Villot, Xavier
 Lago Ferreiro, Alfonso
 Lanaja Del Busto, José M.
 Legido Soto, José Luis
 Lens Leiva, Jorge
 Llamas Nistal, Martín
 Loeck Hernández, Juan A.
 López De Silanes Vázquez, Mª Eugenia
 Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
 Martínez Álvarez, Natalia
 Matias Fernández, José María
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Martínez, Gonzalo
 Merino Gómez, Pedro
 Míguez Tabarés, José Luis
 Navarro Beloso, Vanesa
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Orche García, Enrique
 Otero Camiña, José Luciano

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 2 de decembro de dous mil cinco, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 2 de decembro de 2005**, ás 10:50 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2005.
2. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 35, e) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Debate sobre o borrador de modificación da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades.
4. Aprobación, se procede, dos agrupamentos de centros que han de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador nas próximas eleccións ao Claustro Universitario.
5. Elección das seguintes vacantes no Consello de Goberno:
Sector Decanos/Directores de centros, departamentos e Institutos Universitarios de Investigación: 1.
6. Elección das seguintes vacantes no Tribunal de Garantías:
Sector profesores funcionarios doutores: 1.
Sector outro persoal docente e investigador: 1.
7. Elección de representantes dos estudantes na mesa do Claustro e na Comisión electoral: un e dous postos vacantes respectivamente.

Palacio Sánchez, Xosé Antón
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Pérez Figueroa, Andrés
 Pérez Guerra, Javier
 Pérez Reyes, Gabriel
 Pérez Rodríguez, Francisco Javier
 Pérez Teijeiro, José M.
 Pose Blanco, José
 Pou Saracho, Juan María
 Quintela Vilariño, Fco. José
 Ramos Cabrer, Manuel
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Rey Losada, Francisco Jesús
 Rial Otero, Ángel
 Rivas Conde, Filemón
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Rodríguez Piñeiro, Ana M^a
 Román Carreiro, Adrián
 Sánchez Bermúdez, Ángel
 Santalla Del Río, Verónica
 Seoane Pampin-Montenegro, Anselmo
 Suárez Pazos, Mercedes
 Taboada Castro, Javier
 Tojo Suárez, José E.
 Torres Vázquez, Luis
 Troncoso Durán, Dolores
 Vaquero Díaz, M^a Beatriz
 Varasa Paredes, Javier
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Nuñez, Fernando Antonio
 Vera Isasa, María
 Vilas Martín, Federico

Desculpan a súa asistencia:

Rey García, Daniel
 Santos García, José Santiago

8 Elección dos seguintes postos vacantes nas comisións encargadas de elaborar os regulamentos:

Comisión nº 1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 4 estudantes.

Comisión nº 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios): 2 estudantes.

Comisión nº 5 (Regulamento de centros e Regulamento de departamentos): 1 outro persoal docente e investigador e 1 estudante.

Comisión nº 6 (Regulamento do tribunal de garantías e Regulamento de réxime disciplinario): 4 estudantes.

9 Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2005.

Apróbase por asentimento

Punto 2.- Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 35, e) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor informa de que non é necesario facer eleccións xa que non hai candidaturas presentadas para os puntos 6, 7 e 8. No punto 5 hai unha candidatura presentada para cubrir unha vacante.

No sorteo para a orde de intervencións saíu a letra C.

A continuación o reitor presenta o informe anual polo que pasa a presidir a Mesa do Claustro o profesor Ramos Cabrer.

A intervención do reitor recóllese no Anexo I.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o señor Román Carreiro para preguntar se o edificio da antiga Escola Universitaria de Relacións Laborais segue pertencendo á Universidade de Vigo, nese caso poderíase dar outra utilidade como por exemplo como local para biblioteca na cidade ou aulas informáticas.

O reitor di que o edificio xa se vendeu e non é da universidade. No que atinxe á Biblioteca estase intentando dar máis servizo principalmente na época de exames que é cando o uso é moi intensivo, no caso das aulas informáticas non ten detectado escaseza pero sería cuestión de estudalo xa que sería máis fácil de corrixir.

O profesor Tojo comeza a súa intervención dicindo que non vai entrar en detalles concretos senón no modelo de universidade e cara onde debe camiñar e a continuación pasará a analizar os puntos débiles. Considera que hai falta de democracia interna xa que moitas decisións se toman a nivel persoal. Xa non se utiliza o claustro como órgano consultivo porque xa non se convoca e non se consultan temas que deberían ser consultados como:

- A venda da antiga Reitoría que debería terse consultado xa que desaparece a presenza da universidade no centro da cidade. Non cuestiona que a reitoría estea no campus pero si a perda do edificio representativo da rúa Areal.

- A cesión de 90.000 m² do corazón do campus universitario de Vigo á sociedade CITE XVI.

Observa un deixamento de funcións por parte do equipo de goberno xa que pasados dous anos e soamente funcionan a Comisión de profesorado encargada de elaborar o Regulamento de profesorado, o resto dos regulamentos que figuran nos estatutos están sen elaborar, e en relación cos novos posgraos detecta a falta de planificación xa que a primeira información oficial foi hai un mes e a partir desa data non se elaboraron ningunha normativa, criterios, etc. soamente se abre un prazo de 15 días para facer propostas.

A Universidade de Vigo leva desde o ano 2004 sen planificación plurianual, non se sabe que vai pasar cunha serie de titulacións e con algúns centros, considera que se debería ter debatido neste claustro un plan estratéxico para saber cal vai ser o futuro desta institución.

Continúa sinalando outras cuestións puntuais como: a reforma da xestión económica dos departamentos que se fixo o ano pasado cos remanentes aumentan a complexidade do proceso e non funcionan, o plano de calidade, e máis concretamente os indicadores de calidade, hai que revisalos, a iniciativa non lle parece mala pero hai que estudalos en profundidade.

Remata a súa intervención resumindo que é necesario revitalizar o claustro e pide explicacións ao reitor por qué non se fixo a programación plurianual, por qué non se elaboraron os regulamentos e por qué non se debateu a venda do edificio da reitoría da rúa Areal.

Contesta o reitor ao profesor Tojo dicindo que máis que de democracia falou de burocracia e que nos debates sobre o modelo de universidade sempre falta concreción. Considera que somos unha universidade que sabe que ten que prestar servizos á comunidade, non hai máis que ver como estábamos hai uns anos e como estamos agora; temos un modelo de universidade achegada á empresa, á cidadanía e que coopera coas institucións e compite con dignidade nos ámbitos internacionais, nacionais e autonómicos.

Este claustro aprobou un documento sobre financiamento que serviu de base para o novo modelo de financiamento para as tres universidades galegas e que agora permite programar para varios anos.

En relación co edificio da rúa Areal o reitor indica que a universidade o único que fai é devolverllo ao Concello, ao seu propietario.

En relación cos novos posgraos sinala que adoptou unha postura moi prudente xa que é imposible facer unha política de futuro sobre o que vai ser o posgraos sen saber os graos que se van implantar. Desde un principio tivo claro que este tema non era dos máis urxentes e que o que se acordara para implantar no próximo curso non podía ser outra cousa que unha experiencia piloto, como así asumiu finalmente a Consellería de Educación; na Universidade

de Vigo están convidados todos os centros e departamentos que teñan as ideas claras a participar nesta experiencia piloto.

Remata a intervención dicindo que despois do exposto está claro que si hai un modelo de universidade.

O señor Álvarez Moreira pregunta se se tivo en consideración o seu escrito enviado por rexistro en decembro en relación ao futuro vial de comunicación entre os diferentes centros do campus.

O reitor di que enviou o seu escrito ás persoas que estaban traballando no proxecto pero sinala que o equipo non pode presentar un proxecto deste tipo xa que hai vías para conseguir fondos de investigación por parte dos grupos de investigación.

Na quenda de réplica intervén de novo o profesor Tojo sinalando que a súa intervención non foi en plan de crítica destrutiva senón que a súa actitude foi construtiva polo ben da institución intentando resaltar os puntos débiles, e lamenta a postura defensiva adoptada polo reitor.

O reitor agradece o ton da intervención do profesor Tojo pero sinala que se se lle acusa de que non hai modelo de universidade el ten que defenderse xa que considera que si temos un modelo ben claro.

Remata a súa intervención dando as grazas aos claustrais pola súa presenza e por telo aturado como reitor ao longo destes anos.

Punto 3.- Debate sobre o borrador de modificación da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades.

Na análise sobre o borrador presentado polo Ministerio de Educación e Ciencia para a reforma da LOU o reitor reconece o diálogo aberto desde o ministerio xa que se ofrece a escoitar a voz da universidade. A Conferencia de reitores invitou as diferentes comisións sectoriais a ter reunións específicas para tratar este tema.

Así mesmo considera que o importante é saber cales son as preocupacións que o claustro pode emitir e ver se se chega a algún acordo consensuado o que lle permitiría defendelo na reunión da Conferencia de reitores do mes de decembro.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Ante a ausencia de peticións de palabra o reitor propón unha serie de aspectos sobre os que lle gustaría ter unha opinión dos claustrais:

- Recoñecer o diálogo aberto desde o ministerio para a modificación da LOU.
- Nos casos nos que o anteproxecto de reforma permita varias posibilidades se opte pola solución que mellor garanta o exercicio pleno do autogoberno das universidades.
- Recomendar unha formulación máis aberta respecto do sistema de participación do alumnado.
- Preocúpase sobre o efecto que esta reforma poida ter no acceso dos profesores titulares de escola universitaria doutores ao corpo de profesores titulares de universidade.
- Que conste expresamente a figura de profesor contratado doutor.

A continuación intervén o señor Román Carreiro en nome dos CAEF manifestando o seu rexeitamento á LOU xa que ataca directamente aos intereses do estudantado galego,

engade que o único horizonte posible é o dunha universidade pública, democrática e de calidade na que o estudantado teña o protagonismo, quere unha universidade máis aberta, plural, dinámica, participativa, inserida na sociedade e que contribúa a preservación da lingua, da cultura, do noso patrimonio e do medio ambiente. Respecto ao sistema de participación do alumnado expresa a súa oposición ao modelo de consello de estudantes inserido no borrador xa que non favorece a participación e pluralidade de opinións e danan aos grupos menos representados, remata dicindo que xa temos un mal exemplo de funcionamento na Universidade de Vigo que son as delegacións estudiantís.

O reitor avogou por introducir unha formulación máis aberta de representación do alumnado e precisou que o tema debía de ser recollido por unha lei galega de universidades, que non se acometerá antes de pechar o debate sobre a LOU.

Finalmente o reitor propón a aprobación polo claustro o texto seguinte que contén 6 recomendacións:

O Claustro da Universidade de Vigo, na súa xuntanza ordinaria do 2 de decembro de 2005, diante da proposta de modificación da Lei Orgánica de Universidades presentada polo Ministerio de Educación y Ciencia, manifesta:

1. O seu recoñecemento ao feito de que se teña escollido para a xestión e tramitación da proposta unha vía participativa, o que permite recoller as opinións da comunidade universitaria sobre a lei vixente.
2. A súa confianza na Autonomía Universitaria, polo que en todos os casos nos que o anteproxecto de reforma deixa abertas varias posibilidades, o Claustro recomende que se opte pola redacción que mellor salvagarde o exercicio pleno da Autonomía Universitaria. En particular, no artigo 20 recoméndase a opción A e nos artigos 62 e 63 a opción B.
3. Non compartir a formulación específica dun modelo exclusivo de participación estudiantil, o da proposta de texto a engadir ao artigo 46. O Claustro recomenda unha formulación máis aberta, que permita recoller diferentes vías de participación e representación estudiantil.
4. A súa preocupación porque a reforma poida non xerar oportunidades efectivas de acceso dos profesores Titulares de Escola Universitaria doutores ao corpo de Titulares de Universidade. Xa que logo, o Claustro insta ao Ministerio de Educación y Ciencia a que busque unha fórmula que dea mellor satisfacción a esta preocupación e se converta en estímulo eficaz para a carreira académica deste corpo de profesores.
5. O seu interese en que conste expresamente na Lei a figura de profesor contratado doutor, aínda que a súa regulación se efectúe no ámbito das CCAA.
6. Finalmente, o Claustro valora o esforzo que están levando a cabo as comisións sectoriais da CRUE e solicita que os seus traballos sexan tidos en conta antes de presentar un proxecto articulado definitivo no Parlamento.

Apróbase por asentimento o texto sinalado sobre o borrador da modificación da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades.

Punto 4.- Aprobación, se procede, dos agrupamentos de centros que han de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador nas próximas eleccións ao Claustro Universitario

A secretaria xeral informa de que segundo o Artigo 4.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario: “O Claustro Universitario, con antelación á convocatoria de eleccións, decidirá verbo dos agrupamentos de centros co fin de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador, de xeito que se garanta unha adecuada correspondencia entre o número de membros do sector nas circunscricións e o número de representantes no Claustro”, e dado que no 2006 hai que convocar eleccións ao Claustro Universitario, preséntase unha proposta de agrupamento de centros análogo ao correspondente ás eleccións do ano 2002, coa única diferenza de que en lugar de figurar como circunscrición no campus de Vigo a Facultade de Ciencias, aparece como agrupación das Facultades de Bioloxía, Ciencias do Mar e Química.

Apróbanse por asentimento as agrupacións de centros que han de constituír as circunscricións electorais para o sector de outro persoal docente e investigador nas próxima eleccións ao Claustro Universitario. (Anexo II)

Punto 5.- Elección das seguintes vacantes no Consello de Goberno: Sector Decanos/Directores de centros, departamentos e Institutos Universitarios de Investigación: 1

Hai un candidato para un posto polo que sae elixido como membro do Consello de Goberno polo sector Directores/Decanos D. Joaquín Sueiro Justel, Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Punto 6.- Elección das seguintes vacantes no Tribunal de Garantías: Sector profesores funcionarios doutores: 1. Sector outro persoal docente e investigador: 1.

Non hai candidatos, polo que non se celebra a elección.

Punto 7.- Elección de representantes dos estudantes na mesa do Claustro e na Comisión electoral: un e dous postos vacantes respectivamente.

Non hai candidatos, polo que non se celebra a elección.

Punto 8.- Elección dos seguintes postos vacantes nas comisións encargadas de elaborar os regulamentos:

Comisión nº 1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 4 estudantes.

Comisión nº 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios): 2 estudantes.

Comisión nº 5 (Regulamento de centros e Regulamento de departamentos): 1 outro persoal docente e investigador e 1 estudante.

Comisión nº 6 (Regulamento do tribunal de garantías e Regulamento de réxime disciplinario): 4 estudantes

Non hai candidatos, polo que non se celebra a elección.

Punto 9.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:50 horas do día 2 de decembro de 2005, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e pr. do Reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe